

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 27 DE FEBREIRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a Secretaría Xeral para o Deporte para a intervención do servizo de xestión integral dos complexos deportivos de titularidade autonómica de Elviña, Agra e Sardiñeira.
- Acordo polo que se aproba o Plan Achega: Axilización administrativa 2014-2016

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) para o fomento da internacionalización do tecido produtivo galego mediante a rede de plataformas empresariais galegas no exterior (Pexga) e o servizo de licitacións internacionais (Salt), polo importe de dous millóns de euros (2.000.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Asociacións de Empresarios de Orixe Galega no Exterior (A REDE) para o desenvolvemento de diversas accións de promoción e fortalecemento da REDE, polo importe de novecentos corenta e un mil novecentos euros (941.900,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. Importe: tres millóns sete mil oitocentos vinte de dous euros (3.007.822.00 euros).



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do “proxecto construtivo de novo abastecemento de auga a Pontevedra e á súa ría (marxe dereita)”, sobre a que cualifica varios montes veciñais en man común da provincia de Pontevedra, para unha superficie de afección de 35.385,47 metros cadrados.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

- Proposta de cesamento dun membro do Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 6.a) e 7 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a implantación da carta de servizos auditada no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia (CAE-112 Galicia).
- Informe sobre o balance do Plan de Modernización da Administración pública 2010-2013. Perspectivas 2016.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre normas de funcionamento e actuacións dos tribunais e persoal colaborador nos procesos de selección de persoal estatutario fixo licenciado sanitario.
- Informe sobre a consulta telefónica en atención primaria no SERGAS.
- Informe sobre a licitación das obras do Centro de Saúde de Galeras en Santiago de Compostela.



A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A INTERVENCIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DOS COMPLEXOS DE ELVIÑA, AGRA E SARDIÑEIRA

- ***A intervención, que ten por obxecto a garantía da prestación do servizo público aos usuarios das instalacións, será realizada pola secretaría xeral para o Deporte***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a secretaría xeral para o Deporte para intervir a prestación do servizo de xestión integral dos complexos de titularidade autonómica da cidade da Coruña de Elviña, Agra e Sardiñeira.

A intervención acordouse a fin de garantir a prestación do servizo público que, dende estas instalacións, se presta a máis de 16.000 usuarios, e á vista das carencias que veñen advertindo os actuais responsables na súa prestación.

Estas deficiencias motivaron un expediente de resolución contractual instado pola Fundación Deporte Galego –entidade do sector público autonómico que ten encomendadas as instalacións- e a U.T.E. adjudicataria do servizo, razón pola que, mentres este expediente non se resolve, o servizo será intervido polo departamento autonómico, que supervisará a súa prestación pola U.T.E. concesionaria.



A XUNTA APROBA UN PLAN QUE SIMPLIFICARÁ E AXILIZARÁ MÁIS DE 900 PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS PARA CIDADÁNS E EMPRESAS

- *Este procedementos reducirán os seus prazos, eliminarán as cargas inxustificadas e estarán á disposición da cidadanía na sede electrónica <https://sede.xunta.es>*
- *O Plan Achega continúa coa aposta do Goberno galego por unha administración austera, eficiente e máis próxima*
- *O cidadán non estará obrigado a presentar documentos que a Administración poida obter directamente, como certificados de nacemento, defunción ou matrimonio*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o 'Plan Achega', un plan de axilización administrativa que busca reducir cargas e tempos de tramitación a cidadáns e empresas e que culminará coa simplificación e mellora de máis de 900 procedementos administrativos.

O Plan Achega ten unha periodicidade de tres anos, 2014-2016, e como o seu propio nome indica pretende alcanzar o máximo grao de achegamento da Administración á cidadanía, a través dunhas relación entre ambos máis simple, rápida e fluída. Neste obxectivo, xogarán un papel fundamental as novas tecnoloxías e os medios electrónicos.

Así, un dos eixos centrais do Plan Achega é potenciar a sede electrónica da Xunta mediante a culminación da incorporación de todos os procesos administrativos que o Executivo galego pon á disposición da cidadanía. Hai que lembrar que a día de hoxe xa se permite o acceso a través da Rede a 605 procedementos, pero que aínda quedan 958 para chegar á totalidade dos que figuran na Guía de Procedementos e Servizos.

Este proceso, segundo aparece recollido no texto, realizarase en dúas fases e está previsto que remate no segundo trimestre deste ano. Para realizar este labor creáronse grupos de traballo -xa operativos desde xaneiro- formados polos responsables dos procedementos en cada departamento da Xunta e coordinados pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, que depende da Vicepresidencia.

Procedementos máis simples

Outra das liñas de actuación é a relativa á simplificación dos procedementos, que serán revisados de acordo coas pautas xa recollidas nas Guías de habilitación de procedementos e textos normalizados, aprobadas en abril do ano pasado.

Esta revisión terá como fins inmediatos a redución de cargas administrativas mediante a simplificación documental, o impulso da Administración electrónica, a eliminación ou supresión de procedementos obsoletos ou non utilizados e a redución dos prazos de tramitación ou resposta.



En definitiva, unha vez que culmine o Plan máis de 900 procedementos terán sido revisados, simplificados, reducidos os seus prazos, eliminadas as súas cargas inxustificadas e postos á disposición da cidadanía na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.es>.

Pedirase menos documentación

A través do 'Plan Achega' impulsarase a eliminación dos documentos que progresivamente se incorporen na plataforma de interoperabilidade; é dicir, non se lle pedirá novamente ao cidadán presentar documentos que a propia Administración poida obter directamente. Será o caso dos certificados de nacemento, defunción, matrimonio ou familia numerosa, o domicilio fiscal, a alta na Seguridade Social, os títulos universitarios ou a confirmación de estar ao día no pagamento das obrigacións tributarias, entre outros.

Finalmente, o plan da Vicepresidencia da Xunta tamén prevé a elaboración dun novo regulamento que supere o existente -de 2008- e avance na simplificación documental na tramitación dos procedementos administrativos. O obxectivo desta nova normativa será reducir as cargas administrativas, evitar duplicidades e solapamentos, axilizar as actuación administrativa e mellorar a prestación dos servizos públicos.

Unha administración austera, eficiente e próxima

Co Plan Achega a Xunta continua coa aposta por unha administración austera, eficiente e próxima ao cidadán, que xa iniciou en 2009 a través de diversas iniciativas como o Plan de Modernización da Amtega, a posta en marcha da sede electrónica ou a recente aprobación da Lei de racionalización do sector público autonómico.

Así mesmo, o Achega aparece recollido no Calendario de plans de actuación na IX lexislatura que se aprobou o pasado 9 de xaneiro no Consello da Xunta, unha recompilación de cen plans estratéxicos de aquí a 2016 que consolida a aposta do Executivo autonómico por unha acción de goberno previsible, planificada, coordinada e coherente.



A XUNTA DÁ UN NOVO IMPULSO Á REDE PEXGA TRAS DUPLICAR O OBXECTIVO MARCADO CON MÁIS DE 1.500 NOVAS EMPRESAS EXPORTADORAS E ACADAR O RÉCORD HISTÓRICO DE EXPORTACIÓNS GALEGAS

- *O Goberno dá continuidade á cooperación coa Confederación de Empresarios de Galicia e persegue consolidar o volume e calidade das exportacións galegas que medraron un 32% desde o ano 2009*
- *As medidas de eficiencia levadas a cabo durante o primeiro convenio permitiron acadar un aforro dun 60% no desenvolvemento da rede que levou a cabo en tres anos 14.000 actuacións de impulso das empresas galegas no exterior*
- *O novo convenio, por 2 millóns de euros, persegue incrementar as cifras acadadas cun modelo baseado na priorización de destinos e a eficiencia na xestión dos recursos*
- *A Rede Pexga arrinca 2014 con oficinas en 8 países e verase incrementada nos próximos meses con dúas oficinas máis en países con gran potencial de crecemento*
- *Mantense o Servizo de Licitacións Internacionais (SALT), co que as empresas galegas acadaron contratos por máis de 206 millóns de euros nos últimos anos*
- *O Goberno galego propónse como nova meta coa activación dos programas de internacionalización que as vendas ao exterior crezan un 5% e supoñan o 38% do PIB da Comunidade en 2020*
- *Ademais, dentro da estratexia de internacionalización, destínanse 500.000 euros neste exercicio ao desenvolvemento dun novo convenio coa Rede de Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior*

A internacionalización do tecido empresarial galego confórmase como un dos eixos prioritarios da política económica da Xunta de Galicia para acadar o crecemento. Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou hoxe dous novos convenios da Consellería de Economía e Industria por valor de 2,5 millóns de euros que impulsan a saída ao exterior das empresas de Galicia, que vén de acadar o seu record histórico en exportacións en 2013. Así, aprobouse un primeiro convenio de 2 millóns que dá continuidade á Rede Pexga en colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) co obxectivo de consolidar a plataforma internacional e impulsar o importante labor desempeñado ata o de agora; e un segundo convenio de medio millón no ano 2014, coa Rede de Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior, que busca aproveitar o gran potencial dos galegos asentados fóra como captadores de novas oportunidades para o tecido galego.

O Consello da Xunta fixo balance dos resultados obtidos pola Rede Pexga na súa primeira etapa en que se acadaron amplamente os obxectivos marcados. Desde a súa creación, sumáronse máis de 1.500 novas empresas galegas exportadoras fronte ás 700 previstas inicialmente, duplicando os obxectivos fixados e chegando ás 6.400



empresas galegas que saíron ao exterior. O 70% das novas empresas exportadoras decidiron exportar a países que contan cunha plataforma da Rede Pexga, mentres que as vendas a estes destinos medraron nun 20%. Tamén cumpriuse o obxectivo nas exportacións, xa que se incrementaron en máis de 4.400 millóns fronte aos 3.400 millóns marcados como meta.

Durante a vixencia do convenio, as oficinas da Rede realizaron preto de 14.000 accións ou servizos a prol das empresas galegas en América Latina, que focalizaron máis do 54% do total das accións realizadas. Neste mercado destacaron Brasil e Colombia ao rexistrar cada unha delas máis dun 18% das actuacións.

O traballo desempeñado a través da Rede, xunto a outro tipo de ferramentas impulsadas pola Xunta en colaboración co tecido empresarial, contribuíu a que Galicia acadase en 2013 o seu récord exportador, sumando 18.419,6 millóns de euros en vendas ao exterior. Neste sentido, o peso das exportacións sobre o PIB de Galicia pasou dun 27% a un 33% nos últimos cinco anos. Sobre esa base, o Goberno galego propónse como nova meta que as vendas ao exterior supoñan o 38% do PIB da Comunidade en 2020.

Estes resultados acadáronse no marco dunha política de austeridade que puxo en marcha distintas medidas na procura dunha maior eficiencia dos recursos dispoñibles, como ubicar algunhas das plataformas en oficinas comerciais españolas, o que permitiu acadar un 60 % do aforro sobre o límite máximo previsto no orzamento.

Selección de mercados de interese

A flexibilidade e adaptación da Rede Pexga é unha das claves do seu funcionamento. Por iso, nesta nova etapa, e respondendo ás necesidades do tecido empresarial, se leva a cabo unha reorientación de destinos atendendo á existencia de plataformas en países xa maduros, á conveniencia da diversificación, a distribución xeográfica e a existencia de novos mercados que combinan un potencial interesante para as empresas galegas e unhas barreiras de entrada que aconsellan a implantación de novas plataformas.

Atendendo a estes factores, a Rede Pexga arrinca en 2014 con 8 oficinas: Estados Unidos (Miami), México, Colombia, Brasil, Reino Unido, Marrocos, Rusia e China. Ademais, prevese abrir dúas novas oficinas este mesmo ano en destinos estratéxicos que están sendo analizados.

Maior eficiencia nos recursos

Sobre esta base, o novo convenio persegue incrementar as cifras acadadas dando continuidade a un modelo baseado na cooperación a través dunha xestión máis eficiente dos recursos. Así, o orzamento por cada oficina redúcese un 33% grazas á aplicación de criterios de contención de gasto, ao aproveitamento de sinerxías con outros organismos e a outro tipo de actuacións.



O apoio ás empresas galegas comezará xa na orixe, centralizando toda acción de internacionalización nunha xanela única no Igape. Esta, recibirá e estudará individualmente o proxecto; analizará cada caso para coñecer as súas verdadeiras capacidades e o seu potencial exportador; ofrecerá reforzos específicos en determinadas áreas para mellorar a competitividade da empresa; e orientará a cara aos servizos ofrecidos pola Rede.

Unha vez que se obteña o diagnóstico de potencial exportador positivo, prestaranse diferentes servizos ás empresas de carácter gratuíto, entre os cales cabe citar os apoios informativos con relación ás oportunidades de negocio que brindan as empresas locais, a achega de informes sectoriais e notas técnicas de interese actualizadas para operar no destino, ou o establecemento de contactos permanentes cos axentes económicos e institucionais.

206 millóns en contratos a través da SALT

Así mesmo, o novo convenio inclúe tamén o Servizo de Licitacións Internacionais polo que as nosas empresas conseguiron, desde a súa creación, contratos por máis de 206 millóns de euros a través de 86 licitacións gañadas en 27 países.

Este servizo, que contará con 80.000 euros para o seu desenvolvemento, facilitará o acceso das empresas galegas ao mercado das licitacións internacionais, pondo á súa disposición a información existente sobre oportunidades neste ámbito e promovendo o incremento da capacitación do persoal das empresas galegas, fortalecendo a súa capacidade de análise e toma de decisións.

Rede de Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior

Neste contexto de cooperación co tecido empresarial galego, a Xunta impulsa outro convenio de colaboración, desta volta coa Asociación de Empresarios Galegos no Exterior, que sumará este ano preto de 500.000 euros para fomentar a expansión comercial internacional das empresas galegas e a captación de novos proxectos de investimento para Galicia.

Mediante este convenio, as asociacións de empresarios de orixe galega vincúlense voluntariamente a Galicia e poñen á disposición do tecido empresarial galego a experiencia, o especial coñecemento do mercado e o seu saber facer empresarial. Neste contexto, o convenio facilitará tanto a contratación de servizos de profesionais expertos de perfil internacional como o aproveitando dos contactos de cada Asociación na procura de posibles proxectos de investimento de empresas dos seus países, ou de contratos de comercialización a favor de empresas galegas.



BENESTAR INVESTIRÁ ESTE ANO MÁIS DE 3 MILLÓNS PARA MANTER PRETO DE 2.700 PRAZAS EN ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL

- *Os destinatarios desta subvención da Consellería de Traballo e Benestar son aquelas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais*
- *As axudas cobren custos de persoal, de alimentación e outros gastos xerais de mantemento*
- *As escolas que reciben subvención deben adaptar os seus prezos aos máximos establecidos na normativa dos centros de titularidade pública*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta liña de axudas, que será publicada no Diario Oficial de Galicia no mes de marzo*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano 2014 máis de 3 millóns de euros para manter ao redor de 2.700 prazas en escolas infantís xestionadas por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta liña de axudas, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* o mes de marzo. Os destinatarios destas subvencións son, ao igual que outros anos, aquelas entidades que estean inscritas no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais. Trátase dunha orde de concorrencia competitiva.

Para presentarse, deberán cumprir, entre outros, criterios como adaptar as tarifas ás contías máximas dos prezos dos centros de titularidade pública; ou prestar servizos cinco días á semana durante todo o ano, agás festivos sinalados ou salvo causa xustificada.

Estas axudas ocúpense de sufragar custos de persoal, de alimentación, así como outros gastos xerais de mantemento. A convocatoria, que este ano se adianta con respecto aos anteriores, prevé tamén a concesión dun anticipo de ata o 25 por cento cando o importe da axuda supere os 18.000 euros. Se non supera esta cantidade, o anticipo poderá chegar ata o 80 por cento.

Incremento de prazas

Esta liña de axuda vén complementar a oferta da rede pública dependente do Goberno galego, xa que presta o seu servizo nas mesmas condicións que estes centros. O Goberno galego ten marcado como obxectivo aumentar as prazas para nenos e nenas de 0-3 anos, como unha das principais medidas para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar. É, ademais, un dos obxectivos principais fixados no Plan de dinamización demográfica, aprobado no Parlamento galego.

A oferta total da Xunta para o curso 2014/2015 ascende a 8.750 prazas en 148 escolas infantís. Son en total 123 novas prazas máis que no curso anterior. A



planificación da Consellería de Traballo e Benestar inclúe actualmente un total de 25 novas escolas infantís, das cales 13 xa están en tramitación (en obras, teñen a obra adjudicada ou están en trámites para que as obras comecen proximamente).

En total, en Galicia, a oferta de prazas 0-3 sostidas con fondos públicos (escolas autonómicas, municipais, de iniciativa social, doutras entidades e cheque infantil) ascende a 19.201.

O prazo para inscribirse nas escolas infantís da rede autonómica Galiña Azul xa está aberto desde a semana pasada e ata o 21 de marzo inclusive. Entre as novidades deste ano, é preciso lembrar que as familias cunha renda per cápita igual ou inferior aos 7.500 euros anuais se beneficiarán dunha exención total de cota a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola infantil.



A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DUN PROXECTO DE ABASTECIMENTO DE AUGA PARA PONTEVEDRA E A SÚA RÍA

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia de utilidade pública do proxecto construtivo do novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa ría (marxe dereita), sobre a que cualifica a varios montes veciñais en man común da provincia de Pontevedra. Estes montes veciñais pertencen ás comunidades de montes veciñais en man común de "Verducido", "Santa Mariña de Xeve", "Teso, Corbal e Leirados", "Mourete" e "Lérez".

Este proxecto -que conta cunha superficie total de afectación de 35.385,47m² (3,5 ha)- permitirá mellorar a subministración de auga na zona. Tras a autorización do proxecto, o Servizo de Montes da provincia de Pontevedra remitiu informe favorable, tendo en conta todas as razóns e conveniencia deste servizo público.

Á vista de toda a documentación do expediente, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar propuxo emitir informe favorable a esta prevalencia en virtude do artigo 6 do regulamento da Lei de montes veciñais en man común.



O CONSELLO DA XUNTA COÑECE A PROPOSTA DE CESAMENTO DE CARLOS MARTÍNEZ-BUJÁN PÉREZ, A PETICIÓN PROPIA, COMO MEMBRO ELECTIVO DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

O Consello da Xunta analizou hoxe a proposta de cesamento do membro electivo do Consello Consultivo de Galicia Carlos Martínez-Buján Pérez, que abandona o cargo por petición propia.

Carlos Martínez-Buján foi designado Conselleiro do Consello Consultivo de Galicia en 2008.

Nado en Monforte de Lemos o 15 de xullo de 1955, é catedrático en Dereito penal no Departamento de Dereito Público da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela no ano 1977, e nese mesmo ano graduouse en Dereito na USC; ademais, ampliou estudos en Alemaña e en Italia, sendo bolseiro da *Deutscher Akademischer Austauschdienst*, da *Fundación Max Plank* e do Ministerio español de Educación e Ciencia. En 1981 obtivo o título de doutor en Dereito, e desde decembro do 1983 é profesor adxunto numerario de Dereito Penal na Facultade de Dereito da USC. Así mesmo, desde 1988 ocupa o cargo de catedrático de Dereito Penal nesa mesma facultade, e dende 1989 tamén na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

Desempeñou os cargos de secretario do Instituto Universitario de Criminoloxía da Universidade de Santiago; de director da Escola de Práctica Xurídica da USC; e de director do Departamento de Dereito Público da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

É autor de máis dunha vintena de libros sobre temas xurídicos especializados e publicou tamén máis de sesenta artigos sobre temas de dereito penal en libros colectivos e revistas xurídicas. Ademais, é autor de diversas recensións, prólogos e artigos de prensa publicados nos diarios *La Voz de Galicia* e *El País*.

Foi investigador principal de seis proxectos de investigación sobre temas de dereito subvencionados polos ministerios de Educación e Ciencia e pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como investigador responsable dun programa de acción integrada de investigación científica e técnica entre España e Italia, financiado pola DGYCT do Ministerio de Educación.

Ten impartido máis dun cento de conferencias, cursos de doutoramento e seminarios en diferentes universidades españolas e estranxeiras, así como noutras institucións. Ademais, ten desempeñado o cargo de avaliador científico en Proxectos de I+D



relacionados coa área das ciencias xurídicas, designado pola Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva da Secretaría de Estado de Política Científica e Tecnolóxica do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía; ten sido membro de diversos comités científicos de editoriais e revistas xurídicas; vogal do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública; e membro do Consello Reitor do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga, da Universidade da Coruña.



A XUNTA IMPLANTARÁ UNHA CARTA DE SERVIZOS NO CAE 112 CO FIN DE INCREMENTAR A CALIDADE DO SERVIZO QUE PRESTA

- *O documento establece un sistema de avaliación permanente do funcionamento do Centro de Atención ás Emerxencias*
- *identifícanse os servizos que ofrece o Centro, os compromisos asumidos coa cidadanía e o catálogo de dereitos dos usuarios do teléfono 112*

O vicepresidente Alfonso Rueda deu conta ao Consello da Xunta dun informe sobre a implantación da carta de servizos auditada no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia (CAE-112 Galicia), que ten como principal obxectivo reforzar e incrementar a calidade do servizo que presta á cidadanía.

As cartas de servizos son instrumentos a través dos cales as administracións informan aos cidadáns dos seus dereitos, así como das obrigas e responsabilidades que asume a Administración para salvagardar os ditos dereitos.

No caso do CAE 112 Galicia, a Carta está enfocada a reforzar e mellorar o traballo que realiza este servizo público de atención cidadá no ámbito das emerxencias, para o cal se implantará un sistema de avaliación permanente dos seus contidos. No documento identifícanse os principais servizos que ofrece o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, os compromisos que se deben asumir coa cidadanía e o catálogo de dereitos dos usuarios do 112.

Servizos que se prestan

Na carta identifícanse cada un dos servizos que presta o CAE 112, entre os cales destaca a atención personalizada das chamadas telefónicas de emerxencia, ben sexa en canto a idioma empregado, en canto a atención ás discapacidades ou en canto a circunstancias de emerxencia concretas.

A atención telefónica a través do número 112 está adaptada ao idioma do usuario cando este empregue un idioma distinto do galego ou do castelán. A día de hoxe, o servizo está preparado para a comunicación en inglés, portugués, francés, alemán, italiano, chinés, árabe, romanés e ruso.

No suposto de discapacidade na audición e na fala, a comunicación farase a través dun módulo específico no sistema de xestión automatizada de datos con que opera o CAE 112 Galicia, que adapta a chamada telefónica ás necesidades do usuario.

En caso de que concorran circunstancias específicas que exixan especial atención (emerxencias que requiran da coordinación de moitos organismos competentes,



incremento do chamadas nun curto período de tempo,...), o CAE 112 incrementará o número de xestores telefónicos de atención ás emerxencias.

Doutra banda, o 112 continuará coa coordinación de simulacros en materia de emerxencias, coa divulgación das súas actuacións a través da súa web (onde se poden consultar boletíns informativos diarios, evolución de fenómenos meteorolóxicos, estatísticas,...) e das redes sociais, coa programación de visitas guiadas ao Centro para concienciar a cidadanía da importancia do uso responsable do teléfono de atención, coa publicación de alertas meteorolóxicas e coa divulgación de consellos e recomendacións ante situacións de emerxencia.

Así mesmo, comprométese a atender as peticións de información, datos e consultas recibidas a través da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) no prazo non superior a dez días.

Compromisos coa cidadanía e indicadores de calidade

Nesta carta de servizo establécense unha serie de compromisos coa cidadanía como son o compromiso de accesibilidade gratuíta e adaptada ás circunstancias da persoa que chama ao 112; o compromiso de calidade que se traduza nun alto grao de satisfacción dos usuarios; o compromiso de rapidez e eficacia na atención de chamadas (tempo de resposta, tempo de xestión,...); o compromiso de profesionalidade e especialización a través de plans de formación específica dos operadores; e finalmente o compromiso de dispoñibilidade permanente do sistema as 24 horas do día todos os días do ano.

Para analizar o grao de cumprimento dos ditos compromisos defínense uns indicadores de calidade e establécese un sistema de avaliación permanente cuxos resultados se farán públicos a través da páxina web do Centro de Atención ás Emerxencias e das redes sociais.

En caso de incumprimento dos compromisos identificados na Carta, a AXEGA deberá informar por escrito os afectados sobre as causas no prazo máximo de dez días.

Catálogo de dereitos do usuario

Debido a que os cidadáns son os principais destinatarios deste servizo de atención ás emerxencias, a Carta recolle un catálogo de dereitos dos usuarios entre os cales figura a atención permanente en caso de emerxencia a través do número 112, recibir un trato digno, imparcial e sen discriminación, recibir información transparente e clara, recibir consellos de interese e pautas de actuación, unha actuación dilixente e respecto á intimidade persoal e privacidade dos asuntos.

Na Carta tamén se subliña a especial importancia que ten a colaboración cidadá no proceso de mellora continua do CAE 112 Galicia. Por tal motivo, ábrese unha canle de



colaboración a participación, mediante enquisas de satisfacción e sistemas de tramitación de suxestións, queixas e reclamacións que se poden tramitar a través da páxina web ou enderezo electrónico da AXEGA, ou ben por escrito polas canles habituais.

A XUNTA COMPLETARÁ EN 2016 A DIXITALIZACIÓN DAS OFICINAS DE REXISTRO E A IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE NOTIFICACIÓNS TELEMÁTICAS

- ***Son dous dos retos que fixará o novo Plan de modernización 2014-2016, no que está a traballar a Administración autonómica***
- ***Outros obxectivos prioritarios son a consolidación do nodo de interoperabilidade entre administracións, a posta en marcha do arquivo dixital e a creación dun rexistro único empresarial e dunha plataforma global de subvencións***
- ***En 2010 o Goberno galego estableceu a primeira folla de ruta para avanzar cara a unha verdadeira eAdministración***
- ***Púxose en marcha a sede electrónica, que permite a tramitación online do 40 % dos procedementos administrativos***
- ***Más de 9.000 empregados públicos dispoñen da acreditación dixital que lles permite asinar documentos de xeito electrónico***
- ***A implantación do nodo de interoperabilidade en todas as consellerías evitou aos cidadáns a presentación de máis dun millón de copias do DNI e de 18.000 certificados de empadramento***
- ***Consolidouse o portal corporativo como porta de entrada á Administración, con máis de 10 millóns de visitas anuais, e impulsouse a súa presenza nas redes sociais con 210 canles e máis de 416.000***

A Xunta está a traballar nun novo Plan de modernización que permitirá evolucionar e consolidar as medidas desenvolvidas desde 2010, ano en que se puxo en marcha a primeira folla de ruta para avanzar cara a unha verdadeira administración electrónica. Entre os retos fixados para o período 2014-2016 está completar a implantación do sistema único de rexistro, o servizo de notificacións telemáticas, un sistema para simplificar a tramitación online, a posta en marcha do arquivo dixital, a consolidación do nodo de interoperabilidade e a creación dun rexistro único empresarial e dunha plataforma global de subvencións.

Rexistro único

A implantación do sistema de rexistro único e a dotación de medios para as funcións de dixitalización e compulsa electrónica nas 500 oficinas de rexistro (180 da Administración autonómica e 320 concertadas coas entidades locais) permitirá que, calquera documento que entre nestas unidades sexa dixitalizado, para conformar o



expediente administrativo dixital e eliminar o uso do papel en toda a relación entre cidadáns, empresa e Administración.

Dentro desta actuación, integrarase o rexistro autonómico co rexistros da Administración xeral do Estado. É un factor fundamental para que os cidadáns poidan resolver as súas xestións coas administracións públicas nun único procedemento ou trámite, independentemente do nivel administrativo a que se acheguen.

20.000 notificacións telemáticas en 2016

Outro dos fitos do Plan de modernización en que se está a traballar será a posta en marcha do servizo de notificacións telemáticas, que permitirá a calquera persoa física ou xurídica recibir as notificacións administrativas, en lugar do tradicional correo certificado e coa mesa validez legal e todas as garantías de seguridade. O obxectivo é acadar en 2016 as 20.000 notificacións electrónicas efectuadas.

O Plan prevé tamén a simplificación do acceso á Administración electrónica para incrementar ata os 50.000 os trámites e consultas que se realizan de xeito telemático. Será a través do sistema Chave 365 que permitirá o acceso aos servizos dixitais sen necesidade dun certificado dixital.

Para simplificar a xestión das empresas crearase unha plataforma global de subvencións e un rexistro único empresarial.

Interoperabilidade e arquivo dixital

A consolidación do nodo de interoperabilidade é outra das liñas de acción para os vindeiros tres anos. A implantación en 2011 do portal Pasaxe en todas as consellerías, permite xa eliminar a petición de documentación básica como DNI e o certificado de empadramento. O obxectivo é que no 2014 se elimine a petición doutro tipo de información de carácter xeral como o título de familia numerosa, o certificado de discapacidade, datos catastrais, titulacións académicas ou situacións tributarias.

A posta en marcha do arquivo dixital da Administración autonómica e do modelo de xestión documental garantizará os criterios de clasificación, accesibilidade, vixencia, custodia da documentación no novo contexto dixital (tanto a dixitalizada como a xa xerada en electrónico).

Balance Plan de Modernización 2010-2013

A Xunta de Galicia investiu nos últimos tres anos 15 millóns de euros no desenvolvemento das medidas previstas no Plan de Modernización 2010-2013 para mellorar os servizos públicos, garantir a relación telemática de cidadáns e empresas coa



administración e facilitar aos empregados públicos os medios necesarios para realizar a súa actividade no novo escenario dixital.

Grazas as actuacións do Plan, cidadáns e empresas poden xestionar online na sede electrónica da Xunta máis de 600 trámites, preto do 40% total, fronte ao 4% dispoñibles antes da súa posta en marcha. Ademais, preto do 57% das axudas e subvencións pódense iniciar telematicamente a través de sede.xunta.es. En 2013, máis de 17.000 cidadáns e empresas realizaron os seus trámites a través de sede, cinco veces máis que en 2012.

Outro dos fitos importantes do Plan foi a configuración do Sistema de información único de rexistro implantado en 35 oficinas de rexistro, que xestiona máis do 50% do volume actual de rexistros de entrada e saída. Este sistema posibilita a plena integración e intercomunicación de todos os servizos e unidades que realizan funcións de rexistro de entrada ou saída de documentos.

A posta en marcha do nodo de interoperabilidade en todas as consellerías, evitou aos cidadáns a presentación de máis dun millón de copias do seu documento nacional de identidade, así como máis de 18.000 certificados de empadramento, entre outros documentos.

Para avanzar cara á eAdministración é fundamental dotar os empregados públicos das ferramentas adecuadas para adaptar o seu traballo aos requirimentos do novo escenario dixital. Este é un dos obxectivos do proxecto Kronos, que acredita dixitalmente o empregado público e permite a sinatura dixital de documentos. O persoal acreditado supera os 9.200 traballadores da Administración xeral e de Xustiza.

Os empregados públicos teñen no portal PortaX un punto de encontro na rede no cal acceder a información do seu interese e a todos os servizos internos do seu interese. En 2013 rexistrou máis de 300.000 visitas.

O Plan de Modernización abrangue tamén a formación do empregados públicos, que desde a súa posta en marcha ofertou máis de 12.500 horas de formación ofimática presenciais ou de teleformación.

Presenza na rede

A presenza da Administración pública na rede é outra das ferramentas fundamentais para a prestación de servizos públicos e por iso o Goberno galego aprobou no mes de outubro de 2011 o Decreto 201/2011 que regula a presenza da Administración xeral do sector público na internet.



Unha das primeiras medidas abordadas foi a evolución do portal web institucional para converterse nun espazo de información e servizos máis orientado ao cidadán como porta de entrada á Administración. www.xunta.es recibe unha media de 10 millóns de visitas. Elaborouse tamén a guía de políticas web corporativas que establecen as pautas básicas que deben cumprir as páxinas e portais da administración pública galega. Catalogáronse os portais e espazos na internet, eliminando aqueles xa interrompidos. O catálogo pasou de 304 portais en 2010 a 235 na actualidade.

Ademais, fomentouse o impulso no uso das redes sociais como canle de diálogo, participación consulta e opinión. A Administración autonómica conta con 210 canles en redes sociais e máis de 416.000 seguidores.

Portal Abert@s

A Xunta conta desde marzo de 2012 cun portal Open Data, Abert@s, o espazo onde se está a publicar información de interese público da Administración galega e dos seus organismos en formatos abertos e estándar, para a súa reutilización por parte de cidadáns e empresas.

Abert@s ten á disposición da cidadáns e empresas preto de 300 conxuntos de datos de carácter xeográfico, estatístico, meteorolóxico, turístico, social ou económico entre outros, xerados pola propia Administración, e de gran valor pola súa fiabilidade e calidade que non estaban adaptados para ser empregados por terceiros.

Con esta medida proporcionarase materia prima para o sector de contidos dixitais e ábrese novas oportunidades de negocio para emprendedores que poden crear aplicacións e prestacións en base a esta información.

Colaboración coas entidades locais

Ademais, a Xunta ven impulsando a Administración electrónica nas entidades locais grazas ao Plan eConcellos, que se iniciou en 2010 e ao cal están adheridos o 100% dos concellos, e que entre outras medidas conseguiu que o máis do 68% dos trámites entre Xunta e concellos sexan electrónicos fronte ao 0% de 2009.





SANIDADE REFORZA OS PRINCIPIOS DE IGUALDADE NO ACCESO AO EMPREGO PÚBLICO AUMENTANDO A TRANSPARENCIA DO SISTEMA DE SELECCIÓN DOS PROFESIONAIS DO SERGAS

- *Elaborou unhas instrucións que foron aprobadas unanimemente por todas as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial*
- *A elaboración dos exames da fase de oposición desenvólvese, por primeira vez en Galicia, nunha plataforma virtual securizada en contorno web con acceso mediante certificación dixital*
- *No DOG de onte foron designados os profesionais que formarán parte dos tribunais cualificadores*

A Consellería de Sanidade garante e reforza os principios de acceso ao emprego público, particularmente os de igualdade e imparcialidade, aumentando a transparencia do sistema de selección dos profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Neste sentido, vén de elaborar unhas instrucións que foron aprobadas unanimemente por todas as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Sanidade e que serán xa aplicables aos tribunais nomeados pola Resolución do 17 de febreiro de 2014 para a cualificación dos procesos de selección de persoal estatutario fixo, licenciado sanitario, convocados nas categorías de facultativos especialistas de área e médico de urxencias hospitalarias.

Nelas inclúense garantías específicas na composición dos tribunais, que recollen un máximo dun membro por estrutura organizativa de xestión integrada; criterios de antigüidade na designación de membros; e regulación pormenorizada das causas de abstención e recusación. Tamén fai referencia á documentación de todas as actuacións dos membros e colaboradores (modelos normalizados de actas e declaracións responsables, entre outros).

Por último, establece distintas medidas de seguridade nas diferentes fases do proceso, como identificación dos roles dos membros de tribunais e colaboradores, con diferentes niveis de acceso á información; rastrexabilidade de todo o proceso; confidencialidade no proceso de elaboración das preguntas; selección dos exames aleatoria e automatizada sobre unha batería de preguntas; imposibilidade de xerar ningún documento electrónico ata a data de exame; e impresión e custodia dos exames en sala securizada.

Ademais, a fase de elaboración dos exames da fase de oposición desenvólvese, por primeira vez en Galicia, nunha plataforma virtual securizada en contorno web con acceso mediante certificación dixital.



Na edición de onte do *Diario Oficial de Galicia* foron designados os profesionais que formarán parte dos tribunais cualificadores.



O SERGAS AMPLIARÁ A CONSULTA TELEFÓNICA A TODOS OS PROFESIONAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA A PARTIR DO 10 DE MARZO

- *Permite mellorar a accesibilidade da cidadanía galega ao sistema sanitario e evita desprazamentos innecesarios*
- *Esta modalidade de consulta púxose en marcha o 2 de decembro de 2013 para os médicos de familia en todos os centros de saúde de Galicia*
- *Dende a súa posta en marcha realizáronse 116.000 consultas telefónicas, un 5,5% do total das consultas*

O Servizo Galego de Saúde ampliará, a partir do día 10 de marzo, a consulta telefónica a todos os profesionais de Atención Primaria (pediatría, matronas, enfermaría e traballo social).

Esta modalidade non presencial, que xa está en marcha para as consultas dos médicos de cabeceira, favorece a accesibilidade dos cidadáns ante un proceso novo (problema de saúde, xestión de receitas, informes...); diminúe os tempos de espera; evita desprazamentos innecesarios; e favorece a conciliación familiar e laboral.

Ademais, permite axilizar as consultas de atención primaria, conservando a mesma capacidade de resposta na asistencia e diminuíndo as interrupcións da consulta por chamadas non programadas dos pacientes.

Esta modalidade de consulta púxose en marcha o 2 de decembro do pasado ano para os médicos de familia en todos os centros de saúde do Servizo Galego de Saúde. Dende entón realizáronse 116.000 consultas telefónicas, o que supón o 5,5% do total. A día de hoxe unhas 3.000 persoas utilizan a cita telefónica e este servizo aumenta día a día.

Funcionamento

A consulta telefónica consiste en ofrecer a posibilidade, a elección do paciente, de realizar a atención sanitaria por medio do teléfono a quen solicite unha consulta. Se o paciente elixe esta modalidade de atención solicítaselle un número de teléfono onde quere recibir a consulta. Deste xeito, o médico ponse en contacto co paciente no número indicado para atendelo, deixando rexistrados os datos na historia clínica electrónica.

Ademais, se o facultativo o considera axeitado, poderá realizar a correspondente prescrición a través da receita electrónica, o que permite ao paciente acudir directamente á farmacia a recoller os medicamentos. Isto é posible grazas aos sistemas de información existentes no Servizo Galego de Saúde que integran a información de atención primaria e hospitalaria e que están conectados a todas as oficinas de farmacia.



Doutra banda, se o médico considera durante a atención telefónica que o motivo da consulta non pode ser resolto por teléfono, proporcionáselle ao paciente de xeito inmediato unha cita para atención presencial.

A CONSELLEIRA DE SANIDADE INFORMOU O CONSELLO DA XUNTA DA PRÓXIMA LICITACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE GALERAS, EN SANTIAGO, POR UN IMPORTE DE MÁIS DE TRES MILLÓNS DE EUROS

- ***Ademais, o Diario Oficial de Galicia publica, na súa edición de hoxe, a licitación da obra do centro de saúde de Panxón, por unha cantidade de ao redor de dous millóns de euros***

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou hoxe o Consello da Xunta da próxima licitación, por parte do Servizo Galego de Saúde, dun centro de saúde que se emprazará no barrio santiagués de Galeras, e no que a Administración sanitaria galega ten previsto investir máis de tres millóns de euros. O centro, que se construírá nunha parcela cedida polo concello, terá unha superficie construída de máis de 3.100 metros cadrados, e o seu prazo de execución será de 18 meses.

Segundo se recolle no informe presentado no Consello por Rocío Mosquera, esta nova instalación da rede sanitaria pública galega, que poderá atender unha poboación de máis de 12.000 persoas, contará cunha área de medicina xeral, outra de pediatria, consultas de matronas e educación maternal, farmacia, odontoloxía, fisioterapia e salas polivalentes. Ademais, na área de administración, disporase dun arquivo, almacéns e outros servizos comúns.

Panxón-Nigrán

Por outra banda, o *Diario Oficial de Galicia* publica, na súa edición de hoxe, a licitación da obra do centro de saúde de Panxón-Nigrán, á cal o Servizo Galego de Saúde destinará ao redor de dous millóns de euros.

O centro de saúde de Panxón-Nigrán, que se instalará nunha parcela cedida polo concello, contará cunha área de medicina xeral, outra de pediatria, unha sala de extraccións, unha sala de técnicas e unha polivalente. Ademais, disporá dunha zona de administración, cun arquivo, almacéns e outros servizos comúns. A superficie construída será de 1.375 metros cadrados, e ten un prazo previsto de execución de 15 meses.

Tanto a obra do centro de saúde de Galeras, en Santiago, como a de Panxón-Nigrán se atopan enmarcadas na execución do Programa operativo FEDER Galicia 2007-2013.



Con estes dous novos centros de saúde, tanto os profesionais como os pacientes e usuarios destas zonas disporán dunha infraestrutura moderna, o que permitirá dar unha mellor resposta ás súas necesidades de saúde presentes e futuras.

